

FAI UNHA  
MAMOGRAFÍA



**aecc**  
Contra o Cancro

**Os avances no tratamento do cancro de mama son cada vez maiores, pero aínda nos queda moito por facer a través do diagnóstico precoz.**

### **Que é un diagnóstico precoz?**

Falamos de diagnóstico precoz, screening ou cribado cando, grazas a distintas técnicas diagnósticas de fácil realización, os tumores poden ser detectados antes de que dean síntomas.

### **Que proba é a que se leva a cabo nun screening de cancro de mama?**

A mamografía. Consiste na realización dunha radiografía especial das mamas cun aparello de raios X (mamógrafo).

### **É a proba máis eficaz para detectar precozmente o cancro de mama.**

O mamógrafo pode estar situado nun centro sanitario ou nunha unidade móbil que permite que se desprace polas distintas cidades e vilas para chegar máis facilmente a toda a poboación.

### **Como se fai unha mamografía?**

Para a súa realización non se require ningunha preparación especial. Trátase unicamente de realizarlle unhas radiografías á mama, empregando unha cantidade mínima de radiación.

Un técnico en radioloxía (TER) indicarlle como ten que colocarse. A mama sitúase entre dúas placas que a comprimen co obxecto de mellorar a calidade da imaxe.

Para que ningunha zona da mama quede sen explorar xeralmente se realizan dúas proxeccións por cada mama (unha de arriba cara a abaixo e outra lateral).

**É unha proba sinxela e xeralmente non é dolorosa, aínda que dependendo da sensibilidade de cada muller, a presión sobre a mama pode resultar molesta.**

**A dose de radiación empregada na mamografía é mínima, polo que resulta inofensiva.**

### **Quen debería facer unha mamografía?**

- As mulleres de idade de risco, entre 50 e 65 anos deben realizar mamografías periodicamente (cada 2 anos). Todas as mulleres deben acudir aínda cando non teñan síntomas. Nalgunhas CCAA xa se inclúen nas campañas de cribado as mulleres entre 45-49 anos e 66-69 anos.
- Aquelas mulleres con menos de 40 anos e con risco elevado de cancro de mama (antecedentes familiares ou persoais de cancro de mama, alteracións xenéticas etc.). Neste caso será o seu xinecólogo quen lle recomende a realización da mamografía e a súa periodicidade.
- Calquera muller que, independentemente da súa idade, teña síntomas e llo indique o seu médico.

### **Cales son as vantaxes da mamografía?**

- Permite detectar lesións na mama ata dous anos antes de que se fagan palpables, o que fai que os resultados en canto á supervivencia melloren. Se o tumor se diagnostica antes de que se faga invasivo (in situ) as posibilidades de curación son practicamente do 100 %.
- Ao diagnosticar un cancro nas fases máis temperas, é posible aplicar tratamentos menos agresivos (por ex. cirurxía conservadora) que deixan menos secuelas físicas e psicolóxicas na muller.



***Na gran maioría dos casos a mamografía serve para confirmar que non existe ningún problema maligno na mama.***

***De cada 1.000 mulleres ás que se lles fai unha mamografía 996 non teñen cancro de mama.***





Infocáncer 900 100 036  
www.aecc.es



## FAI UNHA MAMOGRAFÍA

*Unha de cada 10 mulleres desenvolverá un cancro de mama.*

*A mamografía é unha forma máis eficaz de detectar a tempo un cancro de mama.*

*A mamografía é unha proba sinxela e non dolorosa.*

*O diagnóstico precoz aumenta ata un 90 % as posibilidades de curación.*

